



PLAN

# EEI DA GRANXA

Versión 1.0\_ xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

*EEI DA GRANXA  
15013072*

*Rúa Lesón 23, Granxa.  
Pobra do Caramiñal  
15948  
A Coruña*

*eei.granxa@edu.xunta.gal  
636 485 073*

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eeigranxa/>

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

Atopámonos nunha EEI de carácter rural dunha unidade onde se escolarizan 11 nenas e nenos de entre os 3 e os 6 anos de idade. O centro conta con 2 aulas: a aula principal, onde se desenvolve a meirande parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe; e a aula de usos múltiples, adicada a actividades en gran grupo, como son a educación musical e a psicomotricidade.

Na aula principal podemos atopar: dous ordenadores de aula, unha PDI, 2 impresoras e unha Tablet. Tamén contamos con conexión a internet.

A través deste Plan dixital preténdese dar unha maior presenza ás novas tecnoloxías no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo.

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

#### **1.4. Proceso de elaboración.**

A persoa encargada de elaborar o Plan Dixital é a responsable do Centro, Laura Sieira Sampedro.

Traballou dentro dun PFPP creado para a elaboración do Plan Dixital, en colaboración con profesorado doutros centros. A periodicidade das reunións veu dada en función dos pasos a seguir para a elaboración final do presente Plan Dixital:

- Configuración do cuestionario Selfie, realización por parte do profesorado e análise dos resultados obtidos.
- Realización do cuestionario CDD en FProfe por parte do profesorado e análise dos resultados obtidos.
- Formación na elaboración do DAFO e confección do mesmo.
- Formación na elaboración do Plan de Acción e elaboración do mesmo.
- Elaboración do presente Plan Dixital.

## **2. Situación de partida**

### **2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

Na aula principal podemos atopar: dous ordenadores de aula, unha PDI, 2 impresoras e unha Tablet. Tamén contamos con conexión a internet.

Na sala polivalente non existen recursos tecnolóxicos e non chega á mesma a rede wifi do centro.

Para o mantemento do equipamento informático contamos coa axuda do asesor abalar da zona.

Polo de agora non estamos a utilizar a web do centro, pero o emprego e actualización desta é un dos obxectivos que figuran no presente PD.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	1.5				
	Profesorado					
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1.7				
	Profesorado					
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado					
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2				
	Profesorado					
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado					
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado					
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1.8				
	Profesorado					
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1				
	Profesorado					
	Alumnado					

### Test CDD

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO			
PROVISIONAL	1	5	
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
41	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	41	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Dispoñemos de asistencia técnica para solucionar problemas dixitais.</li> <li>Existen dispositivos dixitais para o uso do alumnado no propio centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Contamos cunha conexión a internet estable.</li> <li>Recursos dixitais limitados para o profesorado.</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>Temos acceso a actividades de DPC relacionadas coas TD</li> <li>Buscamos recursos dixitais en liña.</li> <li>Empregamos as TD para a comunicación relativa ao centro.</li> <li>Utilizamos recursos dixitais abertos.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Falta de tempo para explorar o ensino coas tecnoloxías dixitais.</li> <li>Preparación limitada do profesorado no uso de TD para a creación de recursos propios.</li> <li>Existencia dun só mestre no centro.</li> </ol>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Predisposición e gusto do alumnado de cara ao uso das TD.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O alumnado non aprende a crear contidos dixitais tendo en conta que nos atopamos na etapa de EI.</li> </ol>
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> <li>Predisposición para colaborar co centro a nivel dixital.</li> <li>Todas as familias contan con recursos dixitais.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Baixa competencia dixital das familias.</li> </ol>
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Ratio baixa.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O centro carece dunha estratexia dixital.</li> <li>Debido ás características do centro (unitaria) cóntase con pouco tempo para explorar a ensinanza dixital.</li> </ol>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> <li>Existencia de posibilidades de DPC con respecto ás tecnoloxías.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Fondos limitados.</li> </ol>
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>Implantación de cara ao curso que vén do plan dixital de centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Exceso de carga burocrática que limita o tempo para explorar coas TD.</li> </ol>
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> <li>Existencia dunha comunidade educativa implicada.</li> </ol>	
	ANPA		<ol style="list-style-type: none"> <li>Non existe ANPA no centro.</li> </ol>
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> <li>Existencia dun concello colaborativo.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Escasa colaboración con outras entidades da contorna.</li> </ol>

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Establécense de seguido os obxectivos establecidos para o vindeiro curso escolar 2022/2023, que aparecen recollidos abaixo co seu Plan de Acción:

- Ampliar e actualizar os recursos tecnolóxicos dos que dispón o centro.
- Poñer en funcionamento e manter actualizada a web do centro.
- Crear un banco de recursos dixitais.
- Realizar formación relacionada coa creación de contidos dixitais.

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipos							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Ampliar e actualizar os recursos tecnolóxicos dos que dispón o centro					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Mestra responsable do centro					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Material existente totalmente actualizado						
<b>Valor de partida:</b>	Un dispositivo actualizado						
<b>Valor previsto e data:</b>	Todos os dispositivos actualizados					Outubro 2022	
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Contactar co asesor Abalar da zona	Mestra responsable	1ª quincena setembro 2022	Equipo informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Actualización dos equipos existentes	Asesor Abalar	Outubro 2022	Equipo informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Conseguir máis fondos	Mestra responsable	Outubro 2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	



Área/s de mellora: Liderazgo							
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Poñer en funcionamento e manter actualizada a web do centro				Acadado		
<b>Responsable:</b>	Mestra responsable do centro				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Web dinámica de centro operativa						
<b>Valor de partida:</b>	Web sen usar						
<b>Valor previsto e data:</b>	Ter en funcionamento o drupal de webs dinámicas			Xuño 2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Asesoramento no funcionamento de webs dinámicas	Mestra responsable	Setembro 2022	Equipo informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Actualización periódica da web do centro	Mestra responsable	Xuño 2023	Equipo informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía, apoios e recursos						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Crear un banco de recursos dixitais				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Mestra responsable do centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Nº de recursos dixitais conseguidos					
<b>Valor de partida:</b>	Non hai banco					
<b>Valor previsto e data:</b>	25 recursos dixitais útiles			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Creación no ordenador de aula un documento con hipervínculos ós recursos	Mestra responsable	Setembro 2022	Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Procura de recursos dixitais na web e actualización do banco de contidos.	Mestra responsable	Xuño 2023	Equipo informático e conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo							
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Realizar formación relacionada coa creación de contidos dixitais					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Mestra responsable do centro					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Curso de formación en Fprofe						
<b>Valor de partida:</b>	Ningunha formación específica realizada						
<b>Valor previsto e data:</b>	Realización dun curso relacionado				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO4.1: Procura e solicitude dunha formación de interese	Mestra responsable	Outubro 2022	Equipo informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: Realización da formación	Mestra responsable	Xuño 2023	Equipo informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

## **4. 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.**

Para o desenvolvemento do plan dixital do centro será necesario a ampliación da conectividade a internet á aula de usos múltiples do centro así como dotar ao centro de outro ordenador portátil. Esta necesidade é importante xa que dita sala é utilizada pola mestra responsable para desenvolver tarefas de dirección e programar, polo que ó non haber conexión a internet e equipamento suficiente estas tarefas dificultáanse.

## **5. Avaliación do plan.**

O presente Plan Dixital deberá ter un seguimento e avaliación para ver o grao de consecución dos obxectivos propostos no plan de acción:

Farase unha avaliación procesual que será trimestral. Nela teranse en conta os seguintes aspectos: estado da execución das accións segundo a data prevista de fin e a análise e valoración dos resultados. De darse o caso, incluíranse as modificacións levadas a cabo así como as posibles as propostas de mellora.

A final do terceiro trimestre, unha vez rematado o curso escolar, farase unha avaliación final. Valorarase o logro dos obxectivos marcados. Tamén se estudarán as posibles propostas de mellora de cara ao seguinte Plan Dixital.

O instrumento de avaliación a usar será a observación directa da profesora responsable do centro tendo en conta:

- equipos actualizados.
- entradas na web do centro.
- recursos no repositorio.
- formación do profesorado.

## **6. Difusión do plan.**

Para dar publicidade a este plan, así como ás accións que se vaian levando a cabo, empregaremos a web do centro, onde colgaremos o presente plan dixital, así como algunhas das tarefas que se vaian levando a cabo.